



M^a DOMINÇA BRION SARMIQUEL, Concelleira-portavoz do grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, no Concello de Ribeira, presenta a seguinte solicitude diante do Pleno da Corporación Municipal en relación coa licenzia 212/2008 pola que se autoriza a construción de 17 vivendas en Campo da Agra, Corrubedo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Asociación veciñal “Campo da Agra” de Corrubedo, ven de presentar reiteradas denuncias reclamando tanto a paralización das obras como a revisión da licenzia municipal n^o 212/2008, pola que a Xunta de Goberno Local autorizou a construción dun edificio de 17 vivendas con alturas de edificación de soto, planta baixa, 1 planta e baixo cuberta.

Esta construción pretende situarse na zona denominada Campo da Agra de Corrubedo. Compre sinalar que a meirande parte do solo onde se pretende construír esta urbanización está cualificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Ribeira como 1.1 “Norma de Protección de Espazos Naturais”: esta ordenanza “comprende aqueles terreos que polo seu valor ambiental, ecolóxico, biolóxico, botánico, paisaxístico, científico, educativo ou recreativo deben preservarse para a súa protección e mellora. Ademais, nesta categoría de chan rústico a Lei do Solo prohibe expresamente os usos residenciais e industriais e non se computa a efectos de edificabilidade.

A outra parte do chan ten a calificación de urbano, regulado pola Ordenanza 6.2, con un uso característico pormenorizado de vivenda colectiva. A parcela mínima é de 200 m², a ocupación máxima é do 50% e unha edificabilidade máxima de 1,25 m²/m².

Consideramos moi importante delimitar sobre o terreo o cualificado como chan rústico do urbano, xa que ademais de ser este o único no que se pode edificar, calquera modificación na alineación, cambia a parcela neta e, polo tanto, todos os índices que establece a Ordenanza: edificabilidade, ocupación... Por esta razón non se entende que no informe técnico se indique que se cumpren todos estes parámetros, cando no mesmo se pon de manifesto que se analizan as condicións do Proxecto “sen perxuízo de que o Plan Xeral non aclara a alineación límite entre el Solo Urbano (e a ordenanza) e o Solo Rústico que pode representar unha diferenza considerable ...”.

En todo caso, as dúbidas de interpretación do planeamento urbanístico producidas por imprecisións ou por contradicións entre documentos de igual rango normativo resolveranse, según se recolle no art. 6^o da Lei 9/2002, “tendo en conta os criterios de menor edificabilidade, de maior dotación para espazos públicos e de maior protección ambiental e aplicando o principio xeral de interpretación integrada das normas.”



Lamentábelmente, criterios moi pouco tidos en conta tradicionalmente neste Concello, no que o Goberno do PP primou sempre criterios de maior edificabilidade en detrimento da dotación de espazos públicos e da protección ambiental: rúas de nova contrución estreitas, falla de zonas verdes, precario saneamento e deterioro do noso patrimonio medioambiental e paisaxístico son só algunhas das consecuencias que esta práctica política trouxo consigo.

Por último, hai outro antecedente que debería manexarse á hora de revisar esta licenza. Trátase da resolución da Xunta de 18 de setembro de 2008, que a través do Director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, declarou ilegais parte das obras dun solar lindeiro, ao considerar que a liña límite da ordenanza é a que debe usarse para delimitar o planeamento aplicable aos terreos e non a liña de delimitación de núcleo. Conceder edificabilidade até a liña de delimitación de núcleo, según se indica na resolución, "levaría ao absurdo de considerar a "existencia dunha franxa de terreo, ... que clasificado como chan urbano, non estaría sometido a ningunha ordenación". Non ter en conta, polo tanto, o mesmo criterio nesta parcela suporía, ademais dun absurdo, un grave incumprimento da legalidade vixente, un agravio comparativo e un serio dano a terceiros, que verían mermado o valor do seu patrimonio de persistir a contrución desta urbanización tal como se recolle na licenza nº 212/2008.

Por todo isto o Grupo Municipal do BNG de Ribeira,

SOLICITA:

1. Que o Goberno Municipal dea as ordes oportunas para que os servizos técnicos municipais revisen a licenza 212/2008 outorgada, para adecuala ao Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Ribeira, e ao resto da normativa vixente, especialmente no tocante a alturas, retranqueos, ocupación e edificabilidade.
2. Que se proceda ao replanteo "in situ" da alineación deslinde entre o chan urbano e o rústico de especial protección.

Ribeira, 3 de setembro de 2009

Asdo.: M.ª Dominga Brión Sanmiguel

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA